



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 18 DE SETEMBRO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á adxudicación do contrato de "Subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto Smartiago, divididas en dous LOTES diferenciados". CON/8/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor das empresas:

- Lote 1. Renovación e modificación do actual sistema de control de accesos e implementación de novos sistemas de control de acceso á empresa ALUMBRADOS VIARIOS SA, por un importe total (IVE engadido) de **354.778,5 euros** (293.205,37 euros máis 21% de IVE que ascende a 61.573,13 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.
- Lote 1. Instalación de sistemas para a supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento á empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SAU, por un importe total (IVE engadido) de **345.049,23 euros** (285.164,65 euros máis 21% de IVE que ascende a 59.884,58 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.